

# **ACORDO DE COALICIÓN ENTRE MOVEMENTO SUMAR GALICIA E PODEMOS GALICIA PARA AS ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALICIA 2024**

A coalición Sumar Galicia é un proxecto político e cidadán que se presenta ás eleccións galegas coa vontade de transformar a sociedade galega. Sumar Galicia é un espazo amplo que acolle a persoas e organizacións que comparten os valores do progresismo, o recoñecemento nacional de Galicia nun Estado plurinacional e a promoción dos dereitos humanos nos eidos sociais, políticos, culturais e institucionais.

Sumar Galicia é un movemento democrático que quere ensanchar os mecanismos de participación da cidadanía nos eidos políticos, sociais, económicos e culturais; ademais, aposta pola defensa dos ideais de progreso e benestar social, recoñecendo na tradición da esquerda democrática e nos valores da igualdade e da xustiza social.

Sumar Galicia constrúe unha proposta política feminista que defende a igualdade real e efectiva, e que entende que o feminismo é unha ferramenta fundamental de transformación social. Igualmente, defínese a si mesma como ecoloxista, entendendo a urxencia dunha transición ecolóxica que faga fronte á emerxencia climática.

Esta coalición defende o recoñecemento legal e institucional da plurinacionalidade do Estado. Polo tanto, recoñecemos o carácter nacional de Galicia dende unha posición voluntarista propia do galeguismo progresista, apostando polo impulso da lingua e da cultura propias, así como polo reforzamento político e competencial das nosas institucións de autogoberno.

Sumar Galicia preséntese ás eleccións autonómicas coa vontade de que Galicia poida dispoñer do goberno progresista que demanda a maioría cidadá e desenvolver as políticas útiles que nos permitan avanzar como sociedade e como país.

O presente protocolo enmárcase dentro da coalición galega SUMAR GALICIA, conformada polos partidos asinantes e as demais formacións políticas coas que Movemento Sumar Galicia acade un acordo de coalición.

Este protocolo rexerá os aspectos económicos e de funcionamento da coalición electoral e do Grupo Parlamentario:

## **1. NOME DA COALICIÓN**

- A denominación da coalición electoral é SUMAR GALICIA
- No material de campaña empregárase a denominación SUMAR GALICIA.

## **2. SIGLAS**

- As siglas da coalición son SUMAR GALICIA.

### **3. LOGOTIPO DA PAPELETA**

O logo que aparecerá na papeleta electoral será o logo de SUMAR GALICIA.

### **4. CANDIDATURA Á PRESIDENCIA DA XUNTA**

A candidatura á presidencia da Xunta será proposta por Movemento Sumar Galicia.

### **5. PROGRAMA**

- Os partidos asinantes subscriben o acordo político elaborado como base política da coalición.
- SUMAR GALICIA contará cun programa base mínimo construído entre as partes.

### **6. RECURSOS ECONÓMICOS**

#### **6.1. Aportación económica á campaña**

O orzamento de campaña das eleccións ao Parlamento de Galicia de SUMAR GALICIA confeccionarase en base a criterios de racionalidade no gasto e unha austeridade ben entendida, de maneira que non xere déficit.

A dirección de campaña fará una proposta de orzamento que deberá ser aprobada polo órgano de goberno correspondente. Calquera desviación de máis dun 15% das partidas previstas no orzamento deberá ser aprobada polo devandito órgano.

Para a elaboración do orzamento da coalición, cada formación aportará tantos recursos como sexa quen de recadar polos mecanismos legais estatutariamente establecidos, traballando na captación de aportacións a fondo perdido (doazóns) por parte da cidadanía, así como outras fórmulas de captación de financiamento como as emisións de préstamos civís ou outros que se acorden entre as formacións políticas.

De acordo coas limitacións de financiamento autorizadas estatutariamente polos partidos asinantes, non se financiará ningún gasto da campaña con préstamos bancarios.

Unha vez definidos os recursos necesarios para o financiamento da campaña e o límite orzamentario de cada formación, estas realizarán a súa aportación segundo os compromisos adquiridos por cada unha delas.

## **6.2. Reintegro de gastos de campaña**

PODEMOS GALICIA recibirá da coalición SUMAR GALICIA a parte da subvención de gastos electorais equivalente á súa aportación aos gastos electorais afrontados polo partido para a campaña da coalición.

## **6.3. Subvencións a formacións políticas**

PODEMOS GALICIA recibirá unha contía nunca menor a 46.000 € anuais de todos os recursos recibidos, para o desenvolvemento do proxecto político galego. Esta cantidade anual é variable en función do resultado:

A distribución para PODEMOS GALICIA será:

- Cun resultado de 1 deputado: 46.000 €
- Cun resultado de 2 deputados: 46.000 €
- Cun resultado de 3 deputados: 50.000 €
- Cun resultado de 4 deputados: 55.000 €
- Cun resultado de 5 deputados: 60.000 €
- Cun resultado de 6 deputados: 75.000 €

## **7. ÓRGANO DE GOBERNO DA COALICIÓN**

De conformidade co disposto no artigo 44.2 da LOREG, crearase polos membros da coalición unha Comisión de Coordinación.

Este consello directivo será o máximo órgano de coordinación da coalición. A representación exercerana de maneira directa ou mediante persoa en quen deleguen. As decisións no seo da Comisión non contradirán os acordos acadados e tomaranse na medida do posible sobre a base do consenso e, excepcionalmente, por votación dos seus membros.

É un órgano meramente instrumental formado por imperativo legal e que non afectará á forma que adopte o Grupo Parlamentario para a toma de decisións e funcionamento interno ou aos órganos de Goberno da coalición que se establezan mediante acordo político.

A súa composición é:

- Representante xeral da coalición
- Representantes titulares ante a xunta electoral
- Representantes das forzas políticas (1 por cada forza, sumando a aquelas outras organizacións que finalmente se sumen ao acordo)
- Administrador xeral da coalición

## **8. CANDIDATURAS**

Corresponderá a PODEMOS GALICIA, nos primeiros tramos:

- Segundo da circunscrición de A Coruña
- Primeiro na circunscrición da Lugo

- Terceiro na circunscrición de Ourense.
- Cuarto na circunscrición de Pontevedra.

O resto da candidaturas acordaranse en función dos criterios de representatividade e territorialidade, incorporando referentes sociais e cidadás.

## **9. REPRESENTANTES E ADMINISTRADORES ELECTORAIS**

O/a representante xeral da coalición e o/a administrador/a xeral da coalición serán propostos por Movemento Sumar Galicia, de acordo con PODEMOS GALICIA. Os representantes electorais de cada provincia serán propostos, así como o seus suplentes, polas organizacións que encabecen ditas circunscricións.

PODEMOS GALICIA contará con un administrador xeral suplente da coalición.

## **10. CAMPAÑA**

Haberá unha dirección de campaña na que PODEMOS GALICIA participará de forma coordinada xunto a outros actores políticos.

## **11. GRUPO PARLAMENTARIO**

### **11.1. Organización do grupo**

- Formarase un só grupo parlamentario, denominado SUMAR GALICIA.
- PODEMOS GALICIA comprométese a permanecer no grupo parlamentario durante toda a lexislatura.
- A portavocía do grupo parlamentario recaerá nunha persoa do Movemento Sumar Galicia.
- O funcionamento do grupo parlamentario rexerese por un regulamento que respectará os acordos adoptados nestes protocolos e acordarase entre as forzas políticas que compoñen a coalición.

### **11.2. Persoal técnico do grupo parlamentario**

O número de prazas técnicas de PODEMOS GALICIA acordarase co Grupo Parlamentario de forma alícuota en función dos escanos obtidos.

## **12. CÓDIGO ÉTICO E CARTA FINANCEIRA.**

Todas as deputadas e deputados de SUMAR GALICIA subscribirán o código ético da coalición, sen prexuízo do código ético que asumiran coa organización política á que pertenzan.

Cada deputada e deputado rexeráse polos límites salariais e condicións económicas definidas polas súas respectivas organizacións políticas. Os excedentes salariais derivados da aplicación da limitación salarial prevista nos códigos éticos respectivos doaranse á organización política que propuxera a súa candidatura.

Calquera modificación do presente acordo deberá ser consensuada entre as partes antes da súa aplicación.

### **13. UTILIZACIÓN DO TERMO SUMAR GALICIA**

O termo “SUMAR GALICIA” será usado de forma coordinada e consensuada no ámbito da coalición.